

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN SAN ROSENDO PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DA CORUÑA E A MODERNIZACIÓN DA RESIDENCIA OS GOZOS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Primeiro.- Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora, modernización e adaptación dos recursos sociais destinados á atención de persoas maiores e persoas con necesidades de apoio, especialmente cando estas actuacións contribúen a reforzar a calidade da atención, a accesibilidade, a seguridade, a funcionalidade dos espazos e a dispoñibilidade de recursos adecuados para a prestación de servizos especializados.

Segundo.- Identificación da entidade beneficiaria

A Fundación San Rosendo, con NIF G32150427 e domicilio na avenida de Pontevedra, nº 5, 32005 Ourense, é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1992 e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E 0314.

A entidade desenvolve a súa actividade no ámbito da atención social e asistencial a persoas maiores, persoas con discapacidade e outros colectivos que precisan apoio. Conta cunha ampla rede de centros e cunha experiencia consolidada na xestión de recursos residenciais e sociosanitarios.

As actuacións obxecto do convenio desenvolveranse en dous centros da Fundación San Rosendo: a nova residencia de persoas maiores situada na praza de Ourense, nº 9, na Coruña e a residencia Os Gozos, situada na rúa do Penedo, 21-B, Os Gozos, 32792 O Pereiro de Aguiar,



Ourense.

Terceiro.- Necesidade das actuacións

A Fundación San Rosendo está a rematar a rehabilitación e ampliación dun edificio situado na praza de Ourense, nº 9, na Coruña, para destinalo a unha nova residencia de persoas maiores. O centro contará con 45 prazas residenciais e cun equipo profesional estimado de 25 persoas.

A obra atópase nunha fase avanzada pero para poder poñer a residencia en funcionamento é necesario completar os traballos pendentes e dotala do equipamento básico para atender as persoas usuarias desde o primeiro día. Entre este equipamento inclúense a cociña, a lavandería e o mobiliario das habitacións e das zonas comúns. Sen estes elementos, o edificio non podería prestar o servizo residencial para o que foi proxectado, aínda que a obra estivese rematada.

A actuación conta cun proxecto técnico de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Polo tanto, trátase dun investimento xa iniciado e cun grao elevado de madurez, cuxa finalización permitirá abrir un novo recurso residencial na cidade da Coruña e incorporar 45 novas prazas á rede de atención ás persoas maiores.

Por outra banda, a Residencia Nosa Señora dos Gozos leva preto de trinta anos en funcionamento e atende na actualidade a 180 persoas residentes. O paso do tempo e o elevado número de persoas usuarias fan necesario renovar determinados sistemas fundamentais para o funcionamento diario do centro, en particular o sistema de avisos e comunicación entre as persoas residentes e o persoal de atención, así como dixitalizar a organización dos coidados, o rexistro das tarefas, a comunicación interna e o control das prendas da lavandería.

Cuarto.- Actuacións a financiar

O convenio financiará as actuacións previstas na nova residencia de persoas maiores da Coruña e na Residencia Nosa Señora dos Gozos, de acordo coa distribución e cos conceptos recollidos no anexo I.

As actuacións previstas comprenden as seguintes:

a) Nova residencia de persoas maiores da Coruña:



1. Finalización das obras de rehabilitación e ampliación do edificio destinado á nova residencia, incluídos os gastos profesionais vinculados á súa execución e finalización.
2. Adquisición e instalación do equipamento de cociña e lavandería.
3. Adquisición do mobiliario necesario para a posta en funcionamento do centro residencial.

b) Residencia Nosa Señora dos Gozos:

1. Instalación dun novo sistema de avisos e comunicación entre as persoas residentes e o persoal de atención.
2. Implantación de ferramentas dixitais para a organización dos coidados, o rexistro das tarefas asistenciais e a comunicación interna.
3. Implantación dun sistema dixital de xestión da lavandería e de control das prendas das persoas residentes.

Os bens e equipamentos adquiridos deberán destinarse aos centros e ás finalidades previstas no convenio e permanecer vinculados á actuación subvencionada durante o prazo exixido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Finalidade da subvención

A finalidade da subvención é contribuír á posta en funcionamento da nova residencia de persoas maiores da Coruña e á modernización tecnolóxica da residencia Os Gozos.

Sexto.- Interese público e social

O interese público e social da actuación deriva da súa incidencia directa na atención ás persoas maiores. A nova residencia da Coruña incorporará 45 prazas residenciais e permitirá atender unha demanda asistencial relevante nun ámbito urbano con elevada concentración de poboación. A actuación tamén favorecerá a creación de aproximadamente 25 postos de traballo directos.

A modernización da residencia Os Gozos beneficiará directamente ás 180 persoas residentes e ao persoal encargado da súa atención. A actualización dos sistemas de chamada, comunicación e rexistro permitirá ofrecer unha resposta máis rápida ante as necesidades das persoas usuarias, reducir erros, mellorar a coordinación dos equipos e dispor dunha información asistencial máis completa e trazable.

Sétimo.- Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa



A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrència de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrència pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A concesión desta axuda destinada á Fundación San Rosendo xustifícase polo seu carácter único e estratéxico no mapa sociosanitario actual, ao ser a única entidade de iniciativa social que está a acometer un proxecto efectivo de ampliación e mellora de prazas. Nun contexto de forte repunte da demanda asistencial por mor do envellecemento demográfico, o sector residencial da zona amosa unha tendencia xeral á contención, sen que se detecte iniciativa por parte de ningunha outra entidade para expandir a súa capacidade. Esta realidade converte o proxecto nunha excepción de enorme valor, sendo a única resposta activa desde o terceiro sector para rebaixar as listas de agarda e mellorar a taxa de cobertura na nosa Comunidade Autónoma.

A singularidade desta axuda radica, polo tanto, en apoiar unha proposta de crecemento onde non existen alternativas concorrentes, co valor engadido de estar promovida por unha entidade sen ánimo de lucro. Subvencionar esta ampliación cumpre co principio de priorizar o interese social, garantindo que o investimento público se destine integramente á mellora da calidade de vida dos maiores e ao mantemento do emprego na zona. Este esforzo singular non xo facilita o acceso a novas prazas protexidas no propio contorno dos usuarios, senón que consolida a este centro como un referente da acción social e do crecemento solidario na Coruña, xustificando plenamente a excepcionalidade da subvención.

A actuación encádrase no investimento C22.I1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, relativo á transformación da rede de coidados de longa duración mediante a construción, reforma e modernización de equipamentos sociais. Presenta un grao suficiente de madurez técnica e económica para a súa correcta execución dentro do período previsto e contribúe ao obxectivo de ampliar e mellorar a rede de atención residencial.

Oitavo.- Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.



A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, "Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos" e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

Noveno.- Financiamento

O custo total das actuacións ascende a tres millóns oitocentos dous mil novecentos cincuenta e nove euros con noventa e nove céntimos (3.802.959,99 €). A Consellería de Política Social e Igualdade financiará parcialmente este custo mediante unha subvención de un millón dous mil trescentos vinte euros con noventa e un céntimos (1.002.320,91 €), con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.780.1, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.

A subvención limitarase aos gastos de investimento previstos no convenio e nos seus anexos. En ningún caso poderá supoñer beneficio económico para a Fundación San Rosendo nin superar o custo das actuacións subvencionadas.

Por todo o exposto, enténdese xustificada a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación San Rosendo para a posta en funcionamento da residencia de persoas maiores da Coruña e a modernización da residencia Os Gozos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

